

XAN RODIÑO GARCÍA

É Licenciado en Ciencias da educación, na especialidade de Pedagogía, conta cunha amplísima experiencia no traballo de recompilación de xogos tradicionais galegos e de divulgación dos mesmos. Con respecto á billarda, foi uns dos encargados de recuperar tódalas modalidades do xogo e forma parte da Liga Nacional de Billarda, que naceu como unha modalidade apta para tódalas idades na que os riscos quedaron minímmizados. É o coordinador da Conferencia Rías Baixas da Liga Nacional de Billarda. Posúe unha ampla experiencia na formación do profesorado.



ISIDRO COSTAS PIÑEIRO

É o Presidente da Federación Galega de Bolos e vicepresidente da Federación Española de Bolos. Conta cunha amplísima experiencia na recompilación das orixes do xogo dos bolos das diferentes modalidades en distintas comarcas de Galicia. Relator destacado nos cursos organizados pola Federación Española de Bolos e formador dos monitores de bolos celtas en Galicia.

Proposta didáctica para integrar os xogos tradicionais galegos na educación primaria (P1702019)



PROGRAMA

Mércores 20/09/2017. De 16:30 a 20:30.

Aula do 1º andar do CFR de Pontevedra.

Presentación do curso.

Relatorio de Xan Rodiño García:

- O xogo da billarda, antecedentes, materiais e dinámica do xogo.
- Progresión didáctica da billarda para alumnado de 6º de primaria.
- Sesión práctica do xogo da billarda.

Mércores 27/09/2017. De 16:30 a 20:30.

Aula do 1º andar do CFR de Pontevedra.

Relatorio de Xan Rodiño García:

- Progresión didáctica dos bolos celtas para alumnado de 6º de primaria.

Relatorio de Isidro Costas Piñeiro:

- Os bolos celtas, antecedentes, materiais e dinámica do xogo.
- Sesión práctica do xogo dos bolos celtas.

Mércores 04/10/2017. De 16:30 a 20:30.

Aula do 1o andar do CFR de Pontevedra.

Relatorio de Xan Rodiño García:

- O xogo da chave, antecedentes, materiais e dinámica do xogo.
- Progresión didáctica da chave para alumnado de 6º de primaria.
- Sesión práctica do xogo da chave.
- Instrucións para a superación da parte non presencial da actividade formativa.
- Peticións e calendario de préstamo de billardas, bolos celtas e chaves.

Parte non presencial do curso, 3 horas, consistirá en:

- Preparación e adaptación á realidade de cada curso de 6º de primaria, da unidade didáctica facilitada na actividade formativa. Para unha posterior aplicación da mesma.

- Establecer as comunicacións pertinentes e organizativas establecidas para a participación do alumnado de 6º curso de primaria nun encontro escolar de xogos tradicionais.

Superación da parte non presencial:

- A parte non presencial entenderase como superada cando o alumnado do 6º curso de primaria do centro educativo de destino do profesorado participe no encontro escolar de xogos tradicionais.

Actividade organizada
en colaboración con



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte